



BOP

SÁBADO, 9 DE XUÑO DE 2018

N.º 131

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIUDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES

SERVIZO DE DEPORTES

Anuncio

BASES DA CONVOCATORIA DA ÁREA DE INNOVACIÓN, PARTICIPACIÓN CIUDADÁ, MOCIDADE E DEPORTES DA DEPUTACIÓN DE LUGO QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2018

Para impulsar a práctica deportiva, a Presidencia da Deputación, a través da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, convoca bolsas para a promoción e difusión do deporte, sendo consciente das dificultades dos e das deportistas lucenses de modalidades individuais, -especialmente nas etapas de iniciación- para progresaren na súa formación integral.

Nesa perspectiva é na que se insire o presente programa de bolsas a deportistas individuais, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral de Subvención da Deputación de Lugo.

PRIMEIRO.- OBXECTO

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2018, de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo. Por exemplo, 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de máis de 1 tripulante de piragüismo, vela, remo,... pádel, volei praia, etc. Quedan expresamente excluídas as xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas, e calquera outra análoga ás anteriores.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally (en calquera das súas categoría e modalidades).

RÉXIME DA CONVOCATORIA

As bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2018, teñen por obxecto a cobertura de custos (código obxecto 3), articularanse na modalidade bolsas código instrumento axuda SUBV) sen contraprestación en réxime de concorrencia competitiva, sendo esta un tipo de subvención non cualificable como axuda de Estado a empresa (código tipo de subvención 1), encadrada dentro do sector económico das actividades deportivas (código sector económico 93.1) cunha finalidade de promoción deportiva (código finalidade 18), prevendo unha diminución ou eliminación das desigualdades detectadas e contribuíndo aos obxectivos das políticas de igualdade (código do impacto de xénero 3).

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección:

<http://run.gob.es/owqlth>

SEGUNDO.- DESTINATARIOS

Poderán ser beneficiarios das bolsas da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo) de nacionalidade española ou residentes legais en España, que cumpran cos seguintes requisitos:

A. REQUISITOS PERSOAIS

1. Ter residencia en calquera dos municipios da provincia de Lugo, e por tanto, estar empadroad/a nalgún municipio da provincia de Lugo, dentro do prazo de presentación de solicitudes e como mínimo con alta no respectivo padrón a data 1/01/2017.
2. Posuír ficha federativa durante o ano 2017 e manter na data de presentación de solicitudes ficha federativa oficial, na disciplina e/ou modalidade para a que solicita a bolsa.
3. Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica, así como estaren ao corrente das obrigas coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial.
4. Os establecidos no artigo 13 da Lei xeral de subvencións e aplicables no presente caso.
5. Non estar cumprindo sanción firme por infracción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva, cualificada como grave ou moi grave.

B. REQUISITOS E MÉRITOS DEPORTIVOS.

Para poder ser beneficiario da bolsa, o/a deportista deberá acreditar mediante a respectiva certificación federativa (modelo Anexo VI) a consecución polo menos e como mínimo de un (1) dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais e referidos á súa respectiva disciplina ou modalidade deportiva e durante a anualidade 2017.

- Campión/a individual provincial (da provincia de Lugo)
- Lograr do 1º ao 8º posto individual no campionato galego (ambos os dous incluídos) (cuartofinalistas en competicións por eliminatorias)
- Lograr do 1º ao 16º posto individual no campionato de España (ambos os dous incluídos) (oitavofinalistas para competicións por eliminatorias)
- Participación individual no campionato de Europa
- Participación individual no campionato do Mundo.
- Atoparse entre os tres primeiros postos individuais do ranking galego,
- Atoparse entre os dez mellores postos individuais do ranking de España
- Atoparse entre os vinte primeiros postos individuais do ranking europeo
- Atoparse entre os cincuenta mellores postos individuais do ranking mundial.
- Campión/a universitario individual galego.
- Lograr do 1º ao 3º posto individual no campionato universitario estatal.

O logro e consecución dos postos e méritos deportivos indicados neste punto como requisitos deportivos para poder ser beneficiario de bolsa, deberán ser de carácter individual e estar expresamente indicado na respectiva certificación federativa de acordo cos anteriormente referidos méritos. De non reflectirse expresamente tal circunstancia na correspondente certificación, entenderase que non cumpre o requisito indicado.

Dado que as distintas modalidades deportivas teñen un calendario de competicións diferente, para os efectos da presente convocatoria, establécese como tempada o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2017 até o 31 de decembro do 2017.

Estas bolsas non serán compatíbeis con outras axudas públicas da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

As bolsas a conceder ao abeiro da presente convocatoria concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de obxectividade, transparencia, igualdade, non discriminación, eficacia e eficiencia.

Tendo en conta as características e obxectivos das presentes bolsas, establecece unha idade máxima dos/das aspirantes, limitada a 35 anos a data de 31 de decembro de 2017.

Esta limitación de idade non será de aplicación para deportistas de capacidades diferentes.

Tal e como se reflicte no cadro de valoración da presente convocatoria, os méritos deportivos a certificar pola respectiva federación para a súa valoración deberán cinxirse exclusivamente aos **resultados individuais absolutos do/da solicitante nos respectivos campionatos da correspondente disciplina** e que a seguir se indican:

- Campionato do Mundo
- Campionato de Europa
- Campionato de España
- Campionato galego (Galicia)
- Campionato provincial (provincia de Lugo)
- Campionato mundial universitario
- Campionato de Europa universitario
- Campionato de España universitario
- Ranking mundial
- Ranking europeo
- Ranking España
- Ranking galego

Determinase expresamente, que en ningún caso se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provinciais, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores. Non se terá en conta ningún resultado que non se corresponda expresamente co respectivo campionato e co resultado individual de cada solicitante.

TERCEIRO.- CONTÍA, CRÉDITO ORZAMENTARIO E DISTRIBUCIÓN DE BOLSAS

A dotación orzamentaria total da presente convocatoria é de 75.000,00 €, distribuídos segundo o establecido nas presentes bases. As presentes bolsas convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481, segundo se recolle no Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019 dentro da liña 4.2 Deportes, da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada unha das bolsas, o número máximo de bolsas a conceder será de cento cincuenta bolsas (150), de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo coa suma de puntuación **dos dous (2) mellores resultados individuais absolutos nos respectivos campionatos e no seu caso do posto no respectivo ranking individual da correspondente disciplina**, en base aos criterios de valoración do punto sétimo das presentes bases e da respectiva certificación federativa.

Establécese como importe máximo de cada bolsa 1.500,00 € e como importe mínimo de cada bolsa 300,00 €.

A distribución do crédito orzamentario, de acordo co número máximo de bolsas a conceder e os máximos e mínimos importes establecidos é a seguinte:

As/os cinco deportistas con maior puntuación 1500€	5 bolsas	7500 euros
Do 6° ao 15° 1000€	10 bolsas	10000 euros
Do 16° ao 35° 750€	20 bolsas	15000 euros
Do 36° ao 75° 500€	40 bolsas	20000 euros
Do 76 ao 150° 300€	75 bolsas	22500 euros
	150 bolsas	75000 euros

Do total anterior, resérvase expresamente unha porcentaxe mínima do 7% das cento cincuenta bolsas para deportistas con capacidades diferentes. En consecuencia, establécese en once (11) o número de bolsas asignadas a este colectivo, que de non seren cubertas, pasarían a asignarse entre o resto de solicitantes de acordo cos criterios establecidos nesta convocatoria, número que se distribuirá do seguinte xeito:

Á/ao deportista con capacidades diferentes con maior puntuación 1500€	1 bolsa	1500 euros
2º mellor puntuación 1000€	1 bolsa	1000 euros
3º e 4º mellor puntuación 750€	2 bolsas	1500 euros
Do 5º ao 7º mellor puntuación 500€	3 bolsas	1500 euros
Do 8º ao 11 mellor puntuación 300€	4 bolsas	1200 euros
	11 bolsas	6700 EUROS

No suposto de se acadar o límite máximo de bolsas a conceder indicado anteriormente, - para a determinación da relación de deportistas bolseiros/as-, e para os exclusivos efectos de que se produza calquera empate na determinación da puntuación total de cada un dos beneficiarios/as, procederase de xeito excepcional á valoración dos sucesivos mellores resultados de cada un deles até que se produza o referido desempate e de acordo co seguinte detalle e orde:

- Mellor resultado individual no campionato do mundo
- Mellor clasificación individual no ránking mundial
- Mellor resultado individual no campionato de Europa
- Mellor clasificación individual no ránking europeo
- Mellor resultado individual no campionato de España
- Mellor clasificación individual no ránking estatal
- Mellor resultado individual no campionato galego
- Mellor clasificación individual no ránking autonómico
- Mellor resultado individual no campionato provincial (Lugo)
- Menor idade do/da solicitante
- Deportista fémica.

CUARTO.- DOCUMENTACIÓN, FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes, presentaranse conforme ao modelo oficial, que figura no Anexo I, no Rexistro Xeral da Deputación ou por calquera dos medios previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Prazo para a presentación de solicitudes: **15 días hábiles** a contar desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP de Lugo. Cada deportista só poderá presentar **una única solicitude** (Anexo I) e **optar a unha única bolsa**, independentemente do número de modalidades deportivas que practique.

As solicitudes (Anexo I) virán acompañadas da seguinte documentación:

- A. Fotocopia do DNI do interesado/a (no caso de ser menor de idade a data 31 de decembro do 2017 deberán achegar tamén a fotocopia do DNI do titor/e asinar este/esta todos os anexos).
- B. Certificado orixinal de empadramento do/da solicitante no concello da provincia de Lugo correspondente.
- C. Declaración responsable de estar ao corrente das obrigas coa Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega, coa Seguridade Social e co Servizo de Recadación Provincial. (Anexo IV)
- D. Declaración xurada de non ter recibido outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade. (Anexo II).
- E. Declaración xurada de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme ao disposto no art. 13 da Lei xeral de subvencións. (Anexo II).
- F. No caso de ser beneficiario/a de subvencións anteriores, declaración xurada que acredite o cumprimento das obrigas inherentes ás mesmas (Anexo II).

- G. Modelo 145 referido ao IRPF. Retencións sobre rendementos de traballo. (Axencia Tributaria Estatal). Deberá reflectir os datos do deportista solicitante (DNI, nome e apelidos e data de nacemento) e achegarse asinado (deportista solicitante e pai/nai ou titor/a no caso de ser menor a data 31 de decembro do 2017).
- H. Documento bancario acreditativo de conta bancaria, no que necesariamente figurará o deportista solicitante como titular e con data de expedición actualizada.
- I. Autorización para recibir a través de correo electrónico comunicación relativas á convocatoria (segundo o modelo Anexo V).
- K) Declaración xurada da condición ou non de deportista profesional. (Anexo III).

DOCUMENTACIÓN DE CARÁCTER DEPORTIVO PARA A VALORACIÓN DA SOLICITUDE:

Certificación da respectiva federación de posesión da correspondente licenza federativa oficial individual para a respectiva disciplina e/ou modalidade deportiva durante a anualidade 2017 e no momento da solicitude da bolsa (ano 2018) e dos resultados obtidos polo/a solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017.

O referido certificado deberá reflectir :

- Os resultados individuais obtidos polo/a solicitante no período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2017 e o 31 de decembro de 2017 nos respectivos campionatos individuais absolutos reflectidos no cadro de valoración. O referido certificado deberá reflectir a data, disciplina deportiva, consideración oficial do campionato (do mundo, de Europa, de España, galego, provincial (provincia de Lugo), universitario mundial, universitario europeo, universitario estatal, universitario galego), lugar de celebración, modalidade deportiva e posto individual absoluto/global no respectivo campionato logrado individualmente polo/a deportista solicitante, e no seu caso, os datos oficiais relativo ás olimpíadas.

En consecuencia, en ningún caso se terán en conta probas resultados deportivos colectivos e de equipo. Así mesmo, non se terán en conta os resultados das distintas probas clasificatorias.

- A posesión de licenza deportiva da respectiva federación oficial por parte do solicitante na disciplina ou modalidade deportiva para a que solicita a bolsa, na anualidade 2017 e na actualidade (ano 2018).

Para o trámite de valoración de méritos deportivos, a respectiva federación deportiva deberá certificar como máximo os seis mellores resultados individuais, de acordo como modelo Anexo VI e en base ao baremo de puntuación establecido no punto sétimo da convocatoria.

Deberá acreditar así mesmo, e de ser o caso, a inclusión do/a solicitante no ránking galego, estatal, europeo ou mundial, con indicación do posto individual que aquel/aquela ocupe a data 31 de decembro de 2017.

O mencionado anexo deberá vir certificado pola respectiva federación e acreditando que os méritos deportivos alegados son certos. Deberá estar cumprimentado expresamente pola respectiva federación correspondente e asinado e selado pola federación correspondente, que asume dese xeito a veracidade dos datos certificados.

Lémbrese expresamente, que en ningún caso se terán en conta xornadas de control, copas, opens, ligas locais, comarcais, provincia, etc, competicións escolares, probas populares, benéficas e calquera outra análoga ás anteriores. Non se terá en conta ningún resultado que non se corresponda expresamente co respectivo campionato e co resultado individual de cada solicitante.

Os anexos que figuran na documentación requirida estarán a disposición das persoas solicitantes na Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes da Deputación de Lugo, así como na páxina web da Excm. Deputación Provincial de Lugo, www.deputacionlugo.org

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

A concorrencia ao proceso de concesión das bolsas implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei orgánica 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión de tramitación do expediente correspondente.

QUINTO.- PROCEDEMENTO

Unha vez presentada a solicitude, os servizos técnicos da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes da Deputación de Lugo, revisarán a documentación achegada. No caso de estar incompleta ou conter erros, requirirase aos/ás solicitantes para que no prazo de dez días hábiles, acheguen os documentos preceptivos ou remedien a falta, con indicación de que se transcrito o prazo non o fixeran, procederase ao arquivo da solicitude.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

SEXTO.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deporte desta Deputación Provincial de Lugo será a encargada de instruír e tramitar os respectivos expedientes. Para tal efecto constituirase unha Comisión de Avaliación que se encargará da valoración das solicitudes presentadas e formulará unha proposta a través do órgano instrutor consonte ao disposto no Artigo 24 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A devandita Comisión estará composta por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Sra. Interventora e Sr. Secretario Xeral da Deputación Provincial.

As regras de funcionamento da Comisión serán as recollidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Os funcionarios da Deputación que se integrarán na sinalada Comisión de avaliación serán designados por Resolución da Presidencia, que precisará quen ostentará a Presidencia.

Revisados os expedientes e completados, de ser o caso, remitiranse á Comisión de Valoración para que esta proceda á súa avaliación e informe, no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

A Comisión de avaliación resolverá e incluírá no seu informe, de ser o caso, aquelas dúbidas que puidesen xurdir na aplicación dos criterios establecidos.

O órgano instrutor, elevará á Xunta de Goberno da Deputación para a súa aprobación o informe da comisión de valoración xunto coa proposta de resolución.

A proposta, que non terá carácter vinculante, deberá expresar o/a solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da bolsa, e a súa contía, debendo facer constar -de xeito expreso - a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, establecendo a orde de puntuación para os posíbeis bolseiros/as suplentes.

Á Área de Deporte, poderá nese caso propoñer, de así o considerar, -e para os efectos indicados de se producir algunha renuncia-, a asignación de bolsa ao bolseiro/a suplente de acordo co mencionada listaxe e coa puntuación obtida por cada un dos/das solicitantes, con data límite 31/12/2018 e tendo en conta o crédito dispoñible.

O prazo máximo para resolver o procedemento, será como máximo, de tres meses e en todo caso, antes do 31 de decembro de 2018. Transcrido o citado prazo sen que se adopte resolución expresa, entenderase desestimada.

A aceptación da bolsa concedida entenderase efectuada se no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte hábil ao da notificación da resolución non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido á Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes.

SÉTIMO.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Tendo en conta o orzamento previsto da actuación e o importe mínimo e máximo determinado por estas bases para cada unha das bolsas, o número máximo de bolsas a conceder será de cento cincuenta bolsas (150), de acordo co criterio de puntuación total, -de maior a menor-, acadada por cada solicitante e de acordo coa suma dos dous (2) mellores resultados en base aos criterios de valoración do cadro anexo e de acordo coa respectiva certificación federativa.

Os resultados a valorar deberán cinxirse exclusivamente á disciplina e/ou modalidade deportiva individual para a que se solicita a bolsa e na que o/a deportista teña a correspondente ficha federativa. De acordo co co establecido nas presentes bases, puntuarase os resultados individuais acreditados na respectiva certificación federativa no período que vai desde o día 1 de xaneiro de 2017 até o 31 de decembro do mesmo ano. Todos os/as solicitantes

deberán acreditar a súa participación e resultados individuais con certificación da federación correspondente. Á hora de realizar a valoración cualificaranse os resultados acadados por cada deportista nas respectivas probas individuais e segundo o baremo establecido.

En consecuencia, non se valorarán probas de conxunto, dobres, parellas ou grupo. Por exemplo, probas de 4x100, ximnasia en probas colectivas, dobres en deportes de raqueta, modalidades de piragüismo, vela ou remo de máis de 1 tripulante, volei praia, etc.

Especificamente e dadas as características de determinadas disciplinas e modalidades deportivas cuxas competicións se desenvolvan por eliminatorias, e para os efectos de valoración e a asignación de puntuación por méritos, establécese o seguinte criterio:

- Naquelas disciplinas e modalidades deportivas que se desenvolvan por eliminatorias, a certificación federativa deberá indicar expresamente o posto logrado polo/a deportista solicitante, (é dicir, 1º ou campión/a, 2º ou subcampión/a, 3º, 4º....) en cada competición certificada.
- De non darse tal circunstancia, e de reflectirse na certificación federativa, a consecución do posto de semifinalista, cuartofinalista ou oitavofinalista, entenderase que o posto logrado se corresponderá co correlativo á eliminatoria da competición de que se trate de acordo cos participantes en cada unha das referidas eliminatorias, aplicándolles a correspondente puntuación establecida no cadro xeral, de acordo coa seguinte equivalencia :

SEMIFINALISTAS	4º posto
CUARTOFINALISTAS	8º posto
OITAVOFINALISTAS	16º posto

POSTO INDIVIDUAL	CAMPIONATO DO MUNDO	RANKING MUNDIAL	CAMPIONATO DE EUROPA	RANKING EUROPEO	CAMPIONATO DE ESPAÑA	RANKING ESPAÑA	CAMPIONATO GALEGO	RANKING GALEGO	CAMPIONATO PROVINCIAL (LUGO)	CAMPIONATO MUNDIAL UNIVERSITARIO	CAMPIONATO DE ESPAÑA UNIVERSITARIO	CAMPIONATO GALEGO UNIVERSITARIO
1º	100	90	80	60	40	30	20	15	10	20	15	10
2º	90	80	70	50	35	25	17	12	8	17	12	8
3º	80	70	60	40	30	20	14	10	6	14	10	6
4º	70	60	55	35	25	18	12	8	4	12	8	4
5º	65	55	50	32	22	16	10	6	2	10	6	2
6º	60	50	45	30	20	15	9	5		9	5	
7º	55	45	40	28	18	14	8	4		8	4	
8º	50	40	35	26	16	13	7	3		7	3	
9º	45	35	30	24	14	12	6	2		6	2	
10º	40	30	25	22	12	11	5	1		5	1	
11º ao 16º	30	20	15	10	8	5	2			2		
Participación individual no respectivo campionato a partir do posto 17º (incluído)	20		10		5		1					

RESULTADOS INDIVIDUAIS OLIMPIADAS/PARAOLIMPIADAS 2017

Medalla ouro	100											
Prata	90											
Bronce	80											
Diploma olímpico	70											
Participación en olimpíada	45											

OITAVO.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

A Xunta de Goberno a proposta do órgano instrutor resolverá definitivamente as subvencións. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante da bolsa ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede a subvención, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

Ao abeiro do disposto no artigo 41 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de tres meses. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. De conformidade co artigo 15 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación, no caso de non ditarse resolución expresa no prazo indicado, o interesado poderá entender desestimada a súa solicitude, sen prexuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme o disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A resolución porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dese o día seguinte á referida notificación.

A resolución que poña fin ao procedemento deberá expresar a relación de solicitantes aos que se lle conceden as bolsas, podendo de ser o caso designar ademais os adxudicatarios suplentes, en orde de prioridade, e maila relación de solicitudes desestimadas, se for o caso, segundo establece o artigo 25 da Lei xeral de subvencións.

NOVENO.- PAGAMENTO DAS BOLSAS

O pagamento das bolsas farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo deputado-delegado da Área de Deporte e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes no punto cuarto das Bases e achegar copia da documentación contida na base cuarta, puntos a), c), d), e), f), g), h), e k) ao Servizo de Intervención.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da bolsa concedida.

DÉCIMO.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS/AS

Os beneficiarios/as das bolsas están obrigados a facilitar a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control de destino das referidas bolsas.

Cumprir todas as normas establecidas nos apartados anteriores. Publicitar a súa condición de receptor de bolsas da Deputación de Lugo nas competicións e actividades deportivas nas que participe, a través da indumentaria ou en calquera outro elemento susceptible de portar imaxe.

UNDÉCIMO.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.

A renuncia á bolsa por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce desta, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito ao Presidente da Deputación de Lugo. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da bolsa ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta, de conformidade con canto se establece no artigo 16 da Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

O persoal técnico e facultativo que coordine esta convocatoria de bolsas poderá propoñerlle ao órgano competente da Deputación de Lugo a revisión das mesmas por falta de dedicación ou incumprimento das condicións sinaladas, con base en informe debidamente motivado, podendo no seu caso deixar sen efecto os beneficios concedidos e solicitar a devolución das cantidades percibidas, se as houbera, no prazo que establece o Regulamento Xeral de Recadación.

A adxudicación das bolsas será igualmente revisada total ou parcialmente no caso de que se comprobese que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas de conformidade co establecido no artigo 36 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

DUODÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO

Para todos aqueles extremos non previstos nestas bases da convocatoria, aplicarase a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e con carácter supletorio a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; o RD 887/06, de 21 de xullo polo que se aproba o regulamento de subvencións; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galiza; a Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005; o Regulamento Orgánico da Deputación; as Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno da Deputación vixentes no momento da concesión, así como a demais normativa vixente que resulte de aplicación.

Autorízase ao órgano competente da Deputación de Lugo para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento destas bases da convocatoria.

Lugo, 1 de xuño de 2018.- O Secretario Xeral, Cristobal Víctor Fraga Bermejo. O Presidente P.D. nº 402/2017, de data 24/02/2017 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

ANEXO I

SOLICITUDE BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2018

DATOS DO SOLICITANTE		
NOME E APELIDOS		
DATA DE NACEMENTO		
D.N.I. NÚMERO		
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN		
RÚA/PRAZA:	Nº:	PISO:
C.P.:	LOCALIDADE:	
CONCELLO:	PROVINCIA:	
TELÉFONOS		
CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DO PAI/NAI OU TITOR/A		
NOME E APELIDOS		
D.N.I. NÚMERO		
ENDEREZO A EFECTOS DE COMUNICACIÓN(CUBRIR SE SON DIFERENTES AOS DO SOLICITANTE)		
RÚA/PRAZA:	Nº:	PISO:
C.P.:	LOCALIDADE:	
CONCELLO:	PROVINCIA:	
TELÉFONOS		
CORREO ELECTRÓNICO		

DATOS DA FEDERACIÓN	
FEDERACIÓN DE	
NOME E APELIDOS (representante)	
TELÉFONOS	
CORREO ELECTRÓNICO	

EXPOÑO:

- Que cumpro todos os requisitos esixidos na presente convocatoria de bolsas para deportistas individuais 2018.
- Que asumo todos os compromisos reflectidos na referida convocatoria.
- Que achego a documentación esixida.

SOLICITO:a concesión dunha bolsa a deportista individual.

....., de de 2018

Asdo.: O interesado/a Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO NA ANUALIDADE 2018

O/A interesado/a

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a (no caso de que o deportista solicitante sexa menor a data 31 de decembro do 2017)

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:

- 1.- Que non se atopa inhabilitado/a nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.
- 2.- Que en anos anteriores, de ter recibido unha bolsa polo mesmo concepto da Deputación de Lugo, cumpriu coas obrigas inherentes á mesma.
- 3.- Que non recibiu outra axuda da Deputación de Lugo para a mesma finalidade.

....., de de 2018

Asdo.: O interesado/a Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO III**DECLARACIÓN XURADA****O/A interesado/a**

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a (no caso de que o deportista solicitante sexa menor a data 31 de decembro do 2017)

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

DECLARA BAIXO XURAMENTO QUE:

De acordo co RD 1006/1985 de 26 de xuño, polo que se regula a relación laboral dos deportistas profesionais, e para os efectos do disposto no Regulamento do imposto sobre a renda aprobado polo RD 439/2007 de 30 de marzo.

Declaro que non teño nin tiven a condición de deportista profesional.

Declaro que si tiven a condición de deportista profesional nos anos que se indican:

ANOS(Indique expresamente todas as anualidades nas que tivo a condición de deportista profesional):

..... ade de 2018

Asdo.: O interesado/a Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO IV**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE ESTAR AO CORRENTE COAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDADE SOCIAL**

A presente declaración responsable faise de acordo ao dobre contido que o artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recoñece a estes documentos, de tal xeito que manifesto baixo a miña responsabilidade:

1. Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributaria (Axencia Tributaria estatal, coa facenda galega e Deputación Provincial de Lugo) e coa Seguridade Social, no momento da sinatura da presente declaración
2. E que se compromete a manter o cumprimento das devanditas obrigas durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da bolsa outorgada pola Deputación de Lugo.

E para que conste ante esta Deputación Provincial de Lugo, asino esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

..... ade de 2018

***Asinar O pai/nai ou titor/a no caso de que o/a deportista solicitante sexa menor de idade a data 31 de decembro do 2017**

Asdo.: O interesado/a Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO V**AUTORIZACIÓN**

O/A interesado/a

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

O pai/nai ou titor/a (no caso de que o deportista solicitante sexa menor a data 31 de decembro do 2017)

D./D ^a .	D.N.I
---------------------	-------

AUTORIZO

Á Deputación Provincial de Lugo a facerme comunicacións a través do correo electrónico indicado na solicitude, para o procedemento de concesión de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo na anualidade 2018.

_____, ____ de _____ de 2018

Asdo.: O interesado/a Asdo.: O pai/nai ou titor/a

ANEXO VI

CERTIFICADO FEDERATIVO BOLSAS DEPORTISTAS INDIVIDUAIS 2018 RESULTADOS EN CAMPIONATOS DE CARÁCTER INDIVIDUAL

Datos da federación

Nome		CIF
Teléfono		Correo electrónico

Datos do secretario/a

D./Dona		DNI
Teléfono		Correo electrónico

Datos do/a deportista

D./Dona		DNI
Licenza na anualidade 2017 na respectiva disciplina: SI NON		Club
Licenza en vigor na actualidade (ano 2018) na respectiva disciplina: SI NON		

RESULTADOS INDIVIDUAIS DO DEPORTISTA CAMPIONATOS ANO 2017 (máximo os 6 mellores resultados)

	Data	Disciplina Deportiva	Campionato (do mundo, de Europa, de España, galego, universitario ou provincial de Lugo)/Olimpiada) RESULTADO INDIVIDUAL	Lugar	Modalidade deportiva individual	POSTO INDIVIDUAL absoluto no respectivo campionato/ Olimpiada
1						
2						
3						
4						
5						
6						

RANKING INDIVIDUAL (a 31 de decembro de 2017)

NIVEL	Posto individual	Disciplina e/ou especialidade
MUNDIAL		
EUROPEO		
ESTATAL		
GALEGO		

E para que conste en para os efectos oportunos, declaro que os datos reflectidos son certos e asino a certificación co Visto e Prace do presidente, a

___ de _____ do 2018

Vº Prace

Asdo.: O/A Secretario Asdo.: O/A Presidente

NOTA: O CERTIFICADO DEBERÁ ACHEGARSE EXPRESAMENTE CUBERTO POLA FEDERACIÓN CORRESPONDENTE. NON SERÁN VÁLIDOS OS CERTIFICADOS FEDERATIVOS CUBERTOS A MAN. NON SE TERÁN EN CONTA XORNADAS DE CONTROL, COPAS, OPENS, LIGAS LOCAIS, COMARCAIS, PROVINCIAIS, ETC, COMPETICIÓN ESCOLARES, PROBAS POPULARES, BENÉFICAS E CALQUERA OUTRA ANÁLOGA

CONCELLOS

CERVO

Anuncio

Visto o procedemento tramitado para a concesión de axudas para a adquisición de libros e material escolar de alumnas/os de educación infantil (2º ciclo) do CEIP Cervo do Concello de Cervo (axudas para a escolarización curso 2017/2018), procede remitir ó B.O.P., con carácter de urxente, o contido das bases reguladoras aos efectos de outorgarlle publicidade a dita convocatoria de subvención.

AXUDAS PARA A ESCOLARIZACIÓN

CURSO 2017/2018

BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2º CICLO) DO CEIP CERVO DO CONCELLO DE CERVO

1.- OBXECTO E FINALIDADE DAS AXUDAS

O obxecto desta convocatoria é facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e o seu fin é compensar a aquelas familias que polas súas condicións socioeconómicas teñan máis dificultades para afrontar os gastos derivados da adquisición de libros e material escolar.

Polo tanto, o obxecto das presentes bases é a concesión de axudas a familias para a adquisición de libros de texto e material escolar de alumnas/os matriculadas/os no 2º ciclo de Educación Infantil no CEIP CERVO do Concello de Cervo.

2.- BENEFICIARIAS/OS

As axudas poderán ser solicitadas polos pais/nais ou titores/as das/os alumnas/os que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que todos os membros da unidade familiar estean empadroada e teñan residencia efectiva no Concello de Cervo.
2. Ter fillas/os cursando estudos de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 anos no CEIP CERVO, no curso 2017-2018.
3. Non superar os ingresos económicos fixados no punto terceiro destas bases
4. Non ser debedor/a da Facenda Municipal, Autonómica e Estatal, así como da Seguridade Social
5. Non ter pendente de xustificación ningunha subvención outorgada polo Concello de Cervo.
6. Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No caso das unidades familiares que teñan aberto un expediente no departamento municipal de Servizos Sociais e que non reúnan os requisitos para solicitar as axudas, queda aberta a posibilidade da súa concesión segundo a valoración das profesionais do departamento municipal de Servizos Sociais para aqueles casos que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do concello, co visto e prace do/a concelleiro/a de Asuntos Sociais, e o compromiso de cumprimento por parte das/os usuarias/os dos obxectivos fixados na intervención sociofamiliar realizada pola profesional correspondente (traballadora social).

As/os beneficiarias/os terán as seguintes obrigas co Concello de Cervo:

- a. Cumprir a actividade obxecto da subvención, é dicir, realizar o gasto en libros e material escolar para os cursos nos que se acredite a matriculación
- b. Adquirir os libros e material escolar nun establecemento comercial do Concello de Cervo
- c. Cumprir todos os requisitos recollidos no punto 2 das bases reguladoras
- d. Someterse ás actuacións de comprobación da veracidade dos datos reflectidos na documentación presentada, así como do cumprimento dos requisitos para a concesión da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións
- e. Comunicar ao Concello de Cervo calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda

3.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Para outorgar as axudas aplicarase o seguinte baremo:

- No caso de que a Renda per cápita familiar sexa igual ou inferior ao IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples), a axuda será de 130,00€ para cada alumno/a beneficiario/a.
- Cando a Renda per cápita familiar estea entre o 100% e o 150% do IPREM a axuda será de 100 € para cada alumno/a beneficiario/a.

A contía anual do IPREM para o ano 2017 é de 6.454,03 € segundo a Lei 3/2017, de 27 de junio, pola que se aproban os Presupostos Xerais do Estado para o exercicio 2017, relativa a la fixación do IPREM para dito exercicio (Disposición adicional centésima séptima).

No suposto de que as solicitudes de axuda supere o crédito orzamentario dispoñible, 4.000,00€, iniciárase a concesión das axudas polas solicitudes cunha renda percápita inferior ata o esgotamento do crédito.

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR E DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Enténdese por renda percápita familiar a suma das rendas familiares do exercicio 2016 dividida entre o número de membros da unidade familiar computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita, son membros computables o pai, a nai, titor ou persoa encargada da garde e protección do/a menor, se é o caso, as/os irmáns solteiros menores de 25 anos, que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro de 2016, ou as/os maiores desta idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial. No caso de que algún dos proxenitores ou titores/as do/a menor non conviva no domicilio familiar deberá ser xustificado documentalmente mediante sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

Se computarán por dous os membros da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou os que estean valorados como dependentes en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva coa persoa solicitante, sen prexuízo de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica

Terá a consideración de membro computable, se é o caso o/a novo/a cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cuxas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

En casos especiais, nos que a unidade familiar non estea conformada do xeito establecido neste punto, a comisión avaliadora poderá requirirle á persoa solicitante a achega da documentación xustificativa que se considere oportuna en cada caso.

4.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

A aplicación orzamentaria á que se imputarán estas axudas é a 320/489.16 “Axudas para a escolarización”, cun crédito máximo aprobado de 4.000,00€.

A contía das axudas para libros e material escolar quedarán fixadas de acordo co seguinte baremo, sempre e cando sexan xustificadas como gasto realizado, e non podendo superar en ningún caso o importe reflectido no presuposto presentado xunto coa solicitude de axuda (de ser o caso):

Renda per cápita familiar (anual)		Contía máxima da axuda
Igual ou inferior ó IPREM	Ata 6.454,03 €	130 €/alumno
Superior ao 100% e inferior ao 150% do IPREM	De 6.454,03 € a 9.681,05 €	100 €/alumno

5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN NECESARIA

As solicitudes achegaranse mediante modelo oficial subscrito pola persoa interesada (pai/nai/titor legal). A presentación da dita solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para a comprobación dos datos que constan na mesma ante os organismos ou entidades correspondentes.

Cada solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1) Fotocopia do DNI de todos os membros da unidade familiar maiores de idade
- 2) Fotocopia do libro de familia
- 3) Certificado da Axencia Tributaria das rendas de todos os membros computables da unidade familiar do exercicio 2016 (só no caso de non asinar a autorización para obter documentación e información das distintas administracións públicas)
- 4) Autorización para obter a documentación e información, necesaria para a tramitación deste expediente, das distintas administracións públicas

- 5) Factura de compra dos libros e do material escolar dun establecemento comercial do municipio.
- 6) Nos casos de discapacidade ou dependencia dalgún dos membros da unidade familiar computables, certificado emitido polo organismo oficial correspondente.
- 7) Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do alumno, de selo caso.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes xunto a documentación requirida presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Cervo, Praza do Concello s/n, Cervo ou por calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

7.- PUBLICIDADE

Esta convocatoria de axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web do concello (www.concellodecervo.com) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

8.- PROCEDEMENTO

a. INSTRUCIÓN E ÓRGANO INSTRUTOR

O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se base a proposta de resolución, será a concelleira delegada de Educación. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da Comisión Avaliadora formulará a proposta de resolución provisional, na que expresará o cumprimento dos requisitos e a relación nominal dos/as solicitantes para a concesión das axudas.

Si na instrución fosen tidos en conta outros feitos ou datos distintos dos achegados polos/as interesados/as ou si non se achega toda a documentación requirida para solicitar estas axudas, notificaráselle a estes a proposta de resolución, concedéndolles un prazo de dez días para que presenten as alegacións que estimen pertinentes e/ou a documentación requirida. Á vista das alegacións e/ou documentación presentadas, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva.

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario segundo o parágrafo anterior, a proposta de resolución provisional terá automaticamente o carácter de proposta de resolución definitiva.

b. COMISIÓN AVALIADORA

A Comisión Avaliadora estará composta pola concelleira delegada de Educación, Cultura, Xuventude e Facenda, a concelleira delegada de Medio Ambiente, Emprego, Turismo e Sanidade, así como a de Servizos Sociais e Igualdade. A Comisión Avaliadora elevará a proposta de concesión ao alcalde a través do órgano instrutor na que se concretará individualmente para cada beneficiario/a o resultado da avaliación realizada.

c. RESOLUCIÓN

O órgano competente para a concesión das axudas será o alcalde, previo informe da Intervención municipal.

O acordo de concesión ou denegación será motivado, quedando constancia no expediente dos fundamentos da resolución que se adopte. As axudas concedidas notificaranse individualmente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación de solicitudes e en todo caso antes do 31 de decembro de 2018, e publicaranse no taboleiro de anuncios do concello así como na páxina web do Concello de Cervo (www.concellodecervo.com).

A modificación de calquera das circunstancias que se tiveran en conta para a concesión das mesmas, que deberá ser posta en coñecemento do concello, poderá dar lugar á modificación da resolución.

9.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase preferentemente mediante cheque bancario, tras a súa xustificación por medio da presentación de facturas orixinais. En casos especiais, os cales terán que ser valorados polas profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais, o pagamento da axuda, tras a delegación escrita do/a beneficiario/a, aboaráselle ao establecemento subministrador do material escolar.

Terán a consideración de casos especiais aqueles que por razón de necesidade, precariedade ou urxencia se atopen nunha situación de risco e/ou desprotección, sendo necesario nestes casos un informe da traballadora social do Concello, co visto e prace do/a Concelleiro/a de Asuntos Sociais.

Cervo, 5 de xuño de 2018.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1572

LÁNCARA

Anuncio

Contas Municipais

Formulada e rendida a conta xeral desta Corporación correspondente ó exercicio 2017, integrada polas contas e estados a que fai referencia o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas, expone ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, por quince días hábiles, contados a partir do seguinte á inserción deste anuncio no BOP, co obxecto de que os interesados poidan examinala e formular por escrito os reparos e observacións que estimen pertinentes, durante o devandito prazo de exposición e oito días máis, de conformidade co disposto na normativa vixente.

A Pobra de San Xiao, 1 de xuño de 2018.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1506

Anuncio

Información pública

O Pleno do Concello en sesión ordinaria realizada o día 31 de maio de 2018 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 6/2018, de suplementos de crédito e créditos extraordinarios, así como o anexo de investimentos do presuposto para 2018, financiados con cargo ó remanente líquido de tesourería consonte ó disposto no Texto refundido da lei reguladora das facendas locais por importe de 28.093,05 euros.

O expediente expoñense ao público, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións (artigo 170 do TRLFL). O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

A Pobra de San Xiao, 1 de xuño de 2018.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1507

Anuncio

Información pública

O pleno do concello en sesión ordinaria realizada 31 de maio de 2018 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos nº 5/2018, de transferencia de créditos entre partidas de distinta área de gasto, e de modificación do anexo de investimentos do presuposto para 2018.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 del Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderase definitivo o acordo inicialmente adoptado.

A Pobra de San Xiao, 1 de xuño de 2018.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 1508

MONFORTE

Anuncio

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, de data de 28 de maio de 2018 o expediente núm. 24/2018 de modificación de créditos baixo a modalidade de crédito extraordinario por importe de 729.012,47 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo

2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas, de non producirse alegacións entenderase aprobado con carácter definitivo.

Monforte de Lemos, 29 de maio de 2018.- O Alcalde, José Tomé Roca.

R. 1512

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, a conta xeral correspondente ao exercicio 2017, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. da Provincia.

Durante o dito prazo e oito días máis, os interesados poderán examinalas e formular as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Negueira de Muñiz, 24 de maio de 2018.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 1559

PALAS DE REI

Anuncio

En cumprimento do establecido no artigo 26 do Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, aprobado por Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, faise pública a aprobación dun Plan económico-financieiro polo Pleno desta Corporación en sesión de data 20/04/2018 o cal estará a disposición dos interesados nas oficinas do Concello

Palas de Rei, 24 de abril de 2018.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 1500

A PONTENOVA

Aprobado inicialmente o expediente de cesión gratuíta do ben inmovible: parcela S82 da Chousa de Vilaoudriz a favor da Deputación Provincial de Lugo, por Acordo do Pleno de data 06/06/2018, de conformidade cos artigos artigo 110.1.f) do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 26 de novembro e do artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sométese a información pública polo prazo de vinte días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste *Boletín Oficial da Provincia*.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

A Pontenova, a 7 de xuño de 2018.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 1587

RÁBADE

Anuncio

O Pleno do Concello de Rábade, en sesión ordinaria celebrada o 19 de marzo de 2018 aprobou inicialmente a ordenanza municipal reguladora da corta e saca de madeiras no Concello de Rábade.

De acordo co disposto no artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local, procedeuse á publicación do correspondente anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, outorgando un prazo de trinta días hábiles para reclamacións e suxerencias.

Dentro do prazo antedito presentáronse alegacións por parte da Federación Empresarial de Aserraderos y Rematantes de Madera de Galicia (FEARMAGA).

O Pleno, en sesión celebrada o 28 de maio de 2018, acordou desestimar as alegacións presentadas en base ao informe-proposta emitido polo Secretario-interventor municipal a 23 de maio de 2018, e aprobar definitivamente a ordenanza.

Contra o acordo de aprobación definitiva, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (art. 10 e 46.1 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

De acordo co artigo 70.2 da Lei de Bases de Réxime Local, procédese á publicación íntegra de dita ordenanza mediante o presente anuncio e non entrará en vigor ata que non transcorra o prazo de 15 días hábiles que establece o art. 65.2 da citada Lei.

Rábade, a 31 de maio de 2018.-O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CORTA E SACAS DE MADEIRA NO CONCELLO DE RÁBADA

Artigo 1º. Obxecto da normativa.

Constitúe o obxecto desta ordenanza o establecemento dunha regulación no municipio de Rábade das cortas e/ou sacas de madeira que faga compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación do medio natural, a conservación dos camiños e pistas municipais e a seguridade viaria.

Artigo 2º. Concepto de corta e saca de madeira.

Por corta e saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de Rábade que teñan por obxecto a obtención e/ou transporte de madeira de tala, incluíndo tanto calquera das operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos as fincas, preparación do terreo, etc.) como das posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte, preparación, almacén e xestión dos restos da corta).

Artigo 3º. Requisitos para as operacións de corta e saca de madeira.

Sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar plantacións forestais dentro do municipio de Rábade cun peso estimado superior a 8 toneladas métricas, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación por escrito cunha antelación mínima de tres días.

O escrito de comunicación previa será asinado polo madeireiro, debendo constar nel os seguintes datos:

1.- Datos de identificación do propietario forestal e do madeireiro:

- Persoa física: nome, apelidos, número do DNI ou NIF, enderezo e teléfono.
- Sociedade ou persoa xurídica: enderezo, CIF, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa e teléfono.

2.- Especie de madeira obxecto da corta. Toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.

3.- Nome da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa, identificación en plano catastral.

4.- Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

5.- Vehículos e maquinaria a empregar nas operacións de corta e saca.

6.- Lugar onde se depositará á espera da súa carga a madeira.

7.- Vías a empregar e data prevista para o transporte da madeira, incluíndo reportaxe fotográfico do estado previo das mesmas.

8.- Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de corta e saca de madeira.

9.- De ser o caso, fotocopia compulsada do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente.

10.- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e prexuízos que podan causarse con ocasión da corta e saca da madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro destas características, deberá facelo constar así expresamente, no escrito de comunicación que presente e prestar fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 5º.

O Concello de Rábade terá a disposición dos interesados un modelo normalizado do escrito de comunicación previa. (Anexo I da presente ordenanza)

O Concello de Rábade requirirá ao madeireiro ou ao propietario do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento cando comprobe que o madeireiro non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais o de comunicación previa. O contido deste escrito de posta en coñecemento será o mesmo que o de comunicación previa.

Artigo 4º. Obrigas nas operacións de corta e saca de madeira.

O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada.

Así mesmo estará obrigado a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito da madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

Prohíbese terminantemente usar as vías públicas ou espazos públicos para almacén ou depósito da madeira.

O madeireiro ou propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.

Artigo 5º. Responsabilidade.

O madeireiro será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello de Rábade velará especialmente para que as ditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en adecuado estado de limpeza e seguridade.

A obriga da que se fai referencia no número 1 deste artigo será esixible non só polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora do madeireiro, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro, e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

O madeireiro deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada polos servizos técnicos municipais, tendo en conta as características do que se pretende (peso da madeira a extraer, vehículos e maquinaria que se pretende utilizar, estado e grao de conservación da vía afectada, etc.) Esta garantía será devolta polo Concello unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madeireiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais.

Artigo 6º. Infraccións.

As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

- a) Non presentar o escrito de posta en coñecemento, unha vez requirido para iso polo Concello.
- b) Deixar as vías municipais nun moi deficiente estado de sucidade, ocasionando unha situación de risco para a seguridade viaria.
- c) Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 6.000 euros.
- d) A comisión polo madeireiro de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Son infraccións graves:

- a) Non presentar o escrito de comunicación previa. Deixar as vías municipais en deficiente estado de sucidade.
- b) Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 6.000 euros.
- c) Non demoler ou non repor ó seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abriron para acceso ás fincas.
- d) A comisión polo madeireiro de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Consideraranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello

Artigo 7º. Sancións.

As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves: Multa de ata 300,00 euros.

Infraccións graves: Multa de contía comprendida entra 301,00 euros e 1.500,00 euros.

Infraccións moi graves: Multa de contía comprendida entre 1.501,00 euros e 3.000,00 euros.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da existencia, se fose o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e prexuízos a que houbera lugar.

As sancións imporanse previa incoación e instrución do correspondente expediente sancionador con audiencia ao interesado.

A resolución do expediente sancionador corresponderá a Alcaldía-presidencia, cando se trate de faltas moi graves ou graves, e á Alcaldía cando se trate de faltas leves.

Artigo 8º.- Requirimentos.

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase ao responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para isto un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso non poderá exceder dun mes.

Transcorrido este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria cargándolle os custos desta á persoa responsable.

Disposición derogatoria.

Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao que se establece nesta Ordenanza.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

COMUNICACIÓN PREVIA DE CORTA E SACA DE MADEIRA		Selo do rexistro:
DATOS DO madeireiro:		
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL :		
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		
N.I.F./C.I.F:	Tfno. de contacto:	
En caso de actuar en representación de alguén, NOME E APELIDOS do representado (acompañar con documento que acredite a representación):		
DATOS DO PROPIETARIO FORESTAL		
NOME E APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL :		
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		
N.I.F./C.I.F:	Tfno. de contacto:	
En caso de actuar en representación de alguén, NOME E APELIDOS do representado (acompañar con documento que acredite a representación)		

CONSIGNE OS SEGUINTE DATOS:

- ESPECIE DE MADEIRA OBXECTO DA CORTA:.....
 - TONELADAS MÉTRICAS:.....
 - NOME DA FINCA/MONTE:
 - REFERENCIA CATASTRAL DA FINCA/MONTE:.....
 - LUGAR E PARROQUIA DA FINCA/MONTE:.....
 - DATAS PREVISTAS DE INICIO E REMATE DOS TRABALLOS:.....
 - VEHÍCULOS E MAQUINARIA A EMPREGAR:.....
-
- LUGAR DONDE SE DEPOSITARÁ Á ESPERA DA SÚA CARGA:
-
- VÍAS A EMPREGAR PARA O TRANSPORTE DA MADEIRA:
-
- DATA PREVISTA PARA O TRANSPORTE DA MADEIRA:
 - SISTEMA PREVISTO PARA A LIMPEZA DAS VÍAS PÚBLICAS AFECTADAS:
-

Rábade, _____ de _____ de _____

Sinatura do madeireiro:

-

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE RÁBADE.

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmoa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados ás bases de datos, das que é responsable o Concello DE RÁBADE, coa única finalidade de levar a cabo as funcións e competencias que lle son atribuídas na lexislación vixente. Poderá Vd. exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos datos facilitados, nos termos establecidos na citada Lei orgánica 15/1999, para o cal deberá dirixirse a este Concello, na seguinte dirección : Praza do 28 de maio, s/n. 27370 Rábade (Lugo)

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- ✓ **Plano catastral da finca/monte afectado.**
- ✓ **Fotocopia compulsada do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente, de ser o caso.**
- ✓ **Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil así como do último recibo pagado.**

OBRIGAS NAS OPERACIÓN DE CORTA E SACA DE MADEIRA. (Art. 4)

- **O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ó final da xornada.**
- **Así mesmo estará obrigado a sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira conforme ó establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial.**
- **Prohíbese terminantemente usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira.**
- **O madeireiro ou propietario forestal deberán derrubar e repor ó seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ó monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.**
- **De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.**

Rábade, a 2 de maio de 2018.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1509

RIBEIRA DE PIQUÍN*Anuncio*

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o 24 de maio de 2018, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de abril de 2018, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Ribeira de Piquín, 30 de abril de 2018.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 1501

MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) DEPUTACIÓN*Anuncio*

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 1 DE XUÑO DE 2018 POLO QUE SE APROBAN AS BASES DA CONVOCATORIA, O GASTO, E OS ANEXOS DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2018

BDNS (Identif.): 402364

BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2018

De conformidade co previsto nos artigos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións

<http://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/ge/es/index>

Primeiro.- Beneficiarios:

Poderán ser beneficiarios das bolsas da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados, de calquera categoría, e exclusivamente de modalidades deportivas individuais (excluíndose, por tanto os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo) de nacionalidade española ou residentes legais en España.

Segundo.Obxecto:

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de bolsas para deportistas individuais da provincia de Lugo, anualidade 2018, de modalidades deportivas de carácter individual, excluíndose, por tanto, os/as practicantes de disciplinas e modalidades de deportes de equipo, dobres, parellas ou grupo.

Quedan así mesmo expresamente excluídos desta convocatoria os/as deportistas individuais da disciplina automobilismo, especialidade rally (en calquera das súas categoría e modalidades).

Terceiro. Bases reguladoras

A Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección, <http://run.gob.es/owqlth>

<http://run.gob.es/owqlth>

BOLSAS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO PARA O ANO 2018

<http://run.gob.es/owqlth>

Cuarto. Contía e importe mínimo e máximo

As bolsas terán un importe máximo de 1.500,00 ? e un importe mínimo de 300 ? cada unha delas.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Prazo para a presentación de solicitudes: 15 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación no BOP de Lugo do extracto da convocatoria.

Lugo, 1 de xuño de 2018.- O Presidente da Deputación, Darío Campos Conde.

R. 1568

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) CERVO

Anuncio

Extracto del decreto de alcaldía por el que se aprueban las bases reguladoras para la convocatoria de ayudas para la adquisición de libros y material escolar de alumnas/os de educación infantil (2º ciclo) del CEIP CERVO del Ayuntamiento de Cervo, por el procedimiento de concurrencia competitiva

BDNS (Identif.) :402386

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, del 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Primero. Objeto y finalidad de las ayudas.

El objeto de esta convocatoria es hacer efectivo el principio de igualdad en el ejercicio del derecho a la educación y su fin es compensar a aquellas familias que por sus condiciones socioeconómicas tengan más dificultades para afrontar los gastos derivados de la adquisición de libros y de material escolar.

Segundo. Beneficiarias/os.

Las ayudas podrán ser solicitadas por los padres/madres o tutores/as de las/os alumnas/os que reúnan los siguientes requisitos:

1. Que todos los miembros de la unidad familiar estén empadronados y tengan residencia efectiva en el Ayuntamiento de Cervo.

2. Tener hijas/os cursando estudios de educación infantil (2º ciclo) de 3 a 5 años en el CEIP CERVO, en el curso 2017-2018

3. No superar los ingresos económicos fijados en el punto tercero de estas bases

4. No ser deudor/a de la Hacienda Municipal, Autonómica y Estatal, así como de la Seguridad Social

5. No tener pendiente de justificación ninguna subvención otorgada por el Ayuntamiento de Cervo.

6. No estar incurso en las prohibiciones para obtener la condición de beneficiario, recogidas en el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio de subvenciones de Galicia y en el artículo 13 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.

Tercero. Crédito presupuestario y cuantía de la ayuda.

La aplicación presupuestaria a la que se imputarán estas ayudas es la 320/489.16 "Ayudas para la escolarización", con un crédito máximo aprobado de 4.000,00€.

La cuantía de las ayudas para libros y material escolar quedarán fijadas de acuerdo con el siguiente baremo, siempre y cuando sean justificadas como gasto realizado, y no pudiendo superar en ningún caso el importe reflejado en el presupuesto presentado junto con la solicitud de ayuda (de ser el caso):

Renda per cápita familiar (anual)		Contía máxima da axuda
Igual ou inferior ó IPREM	Ata 6.454,03 €	130 €/alumno
Superior ao 100% e inferior ao 150% do IPREM	De 6.454,03 € a 9.681,05 €	100 €/alumno

Cuarto. Lugar y plazo de presentación de solicitudes.

Las solicitudes junto a la documentación requerida se presentarán en el Registro General del Ayuntamiento de Cervo, por cualquiera de las formas previstas en la legislación vigente.

El plazo para la presentación de solicitudes será de 20 días desde la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia.

Cervo, 5 de junio de 2018.- El alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 1569